

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Educación

Corrección de erros na publicación das bases do programa A Coruña no Mundo. Bolsas USA 2020-2021

Corrección de erros detectados nas bases reguladoras do programa educativo: A Coruña no Mundo. Bolsas USA 2020-2021

Advertidos erros nas Bases reguladoras do programa educativo: “A Coruña no Mundo. Bolsas USA 2020-2021”, publicadas no BOP da Coruña n.º 213, do 8 de novembro de 2019, procede a súa corrección nos seguintes termos:

➤ Na base 24.1, onde di:

“A renda familiar para os efectos de bolsa ou axuda obtense por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Computarase o exercicio 2017”.

Debe dicir:

“A renda familiar para os efectos de bolsa ou axuda obtense por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Computarase o exercicio 2018”.

➤ Na base 24.2, onde di:

“Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, procederase do modo seguinte:

Sumarase a base imponible xeral (casilla 415 da declaración da Renda do ano 2017) coa base imponible do aforro (casilla 460 da declaración da Renda do ano 2018) e restarase a cota resultante da declaración (casilla 557 da declaración da Renda do ano 2017)”.

Debe dicir:

“Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, procederase do modo seguinte:

Sumarase a base imponible xeral (casilla 435 da declaración da Renda do ano 2018) coa base imponible do aforro (casilla 460 da declaración da Renda do ano 2018) e restarase a cota resultante da declaración (casilla 595 da declaración da Renda do ano 2018)”.

➤ Na base 24.4, onde di:

“No caso de se ter establecida pensión de alimentos en favor de fillos integrantes da unidade familiar, a contía efectivamente percibida da mesma no ano 2017 incluírase no cómputo na renda familiar”.

Debe dicir:

“No caso de se ter establecida pensión de alimentos en favor de fillos integrantes da unidade familiar, a contía efectivamente percibida da mesma no ano 2018 incluírase no cómputo na renda familiar”.

➤ Na base 31.g), onde di:

“No caso de non se autorizar na solicitude a consulta de datos tributarios, certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiantes AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2017, emitidas e datadas no mes de setembro, ou posterior, de 2019. As persoas que forman parte de unidades familiares non obrigadas a declarar ou das que as administracións tributarias non dispoñen de datos, deberán entregar unha certificación expedida pola AEAT acreditativa desta situación”.

Debe dicir:

“No caso de non se autorizar na solicitude a consulta de datos tributarios, certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiantes AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta,

correspondentes ao exercicio 2018, emitidas e datadas no mes de setembro, ou posterior, de 2019. As persoas que forman parte de unidades familiares non obrigadas a declarar ou das que as administracións tributarias non dispoñen de datos, deberán entregar unha certificación expedida pola AEAT acreditativa desta situación”.

➤ Na base 31.i), onde di:

“Cando se teña acordada pensión de alimentos, ou exista dereito a ela, deberá achegarse, xunto coa resolución xudicial máis recente que a estableza, unha declaración responsábel (anexo I) do/a proxenitor/a custodio/a indicando a contía percibida por tal concepto no ano 2017”.

Debe dicir:

“Cando se teña acordada pensión de alimentos, ou exista dereito a ela, deberá achegarse, xunto coa resolución xudicial máis recente que a estableza, unha declaración responsábel (anexo I) do/a proxenitor/a custodio/a indicando a contía percibida por tal concepto no ano 2018”.

➤ Na base 38, onde di:

“Fronte ás listas provisionais abrírase un prazo de 10 días, para que, no caso de corresponda, se poidan realizar alegacións ao respecto das puntuacións asignadas, sobre a base da documentación que obre no expediente. De non facelo así teráselle por desistido da súa petición”.

Debe dicir:

“Fronte ás listas provisionais abrírase un prazo de 10 días, para que, no caso de corresponda, se poidan realizar alegacións ao respecto das puntuacións asignadas, sobre a base da documentación que obre no expediente”.

➤ No ANEXO I, onde di:

“1.º.–Que durante o ano 2017 percibiu a cantidade de _____ euros en concepto de pensión de alimentos en favor de membros que integran a unidade familiar.

2.º.–(A cubrir só no caso de incumprimento total ou parcial do aboamento da pensión de alimentos durante o ano 2017)”.

Debe dicir:

“1.º.–Que durante o ano 2018 percibiu a cantidade de _____ euros en concepto de pensión de alimentos en favor de membros que integran a unidade familiar.

2.º.–(A cubrir só no caso de incumprimento total ou parcial do aboamento da pensión de alimentos durante o ano 2018)”

A Coruña, 12 de novembro de 2019.

Jesús Javier Celemín Santos

Conselleiro delegado de Educación, Cultura e Memoria histórica

2019/9118